



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE ABRIL DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de Lei galega de medidas tributarias en relación ao imposto sobre sucesións e doazóns

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns tramos das estradas C-550, PO-192 a prol do Concello de Catoira

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia
- Decreto polo que se establece o pasaporte e cartilla sanitaria para os cans, gatos e furóns na Comunidade Autónoma de Galicia



ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para continuar cun programa de actuacións en materia de investigación lingüística para o ano 2008 a través do Instituto de Lingua Galega
- Acordo de participación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia na constitución do Consorcio Provincial de Lugo, para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e se designa un representante para formar parte del

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de infraestruturas rurais 2008 (PIR_FP-Porto do Son-Manzaneda-Moaña)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural, para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no Medio Rural (PEIM FEADER-Ames...Vigo)
- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA) para o servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais para o ano 2008

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago para a realización do proxecto *Estudo dos materiais arqueolóxicos de Castrovite*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Centro Asociado UNED A Coruña para a organización dos *Encontros co Patrimonio Histórico e Cultural*



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de declaración da incidencia supramunicipal do *Proxecto sectorial para o Novo Hospital de Vigo* (Pontevedra), conforme o establecido no artigo 22.4 da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda para a prórroga do contrato de xestión do servizo público de gardacostas prestado a través de medios marítimos, asinado o 12 de xullo de 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a empresa *Remolcadores Nosa Terra S.A. (Remolcanosa)*

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e a Universidade da Coruña, para a elaboración de directrices técnicas para obras de saneamento en pequenas aglomeracións no medio rural da Administración hidráulica de Galicia, polo importe de cento cincuenta e cinco mil novecentos cincuenta e dous euros con setenta e dous céntimos (155.952, 72 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a *Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia*, para soporte de cálculo intensivo para predición meteorolóxica, polo importe de cento oitenta e seis mil seiscentos seis euros con trece céntimos (186.606,13 euros)

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento da súa concesión

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a cotratación por parte de *Xestur Pontevedra S.A.* das obras de urbanización de solo residencial de Valdecorvos en Pontevedra



- Acordo polo que se autoriza a contratación, por parte de *Xestur Pontevedra S.A.* da 'Revisión do proxecto técnico de infraestruturas de sistemas xerais, área multifuncional industrial e área loxística e de transformación, así como a execución das obras de infraestruturas dos sistemas xerais da PLISAN'

MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Declaración institucional do Goberno galego con motivo do Día Internacional do Traballo



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI GALEGA DE MEDIDAS TRIBUTARIAS EN RELACIÓN AO IMPOSTO DE SUCESIÓN E DOAZÓN, QUE EXIME DE TRIBUTAR AO 90 POR CENTO DAS HERDANZAS GALEGAS

- *A reforma da lei diríxese principalmente aos pequenos e medianos patrimonios familiares*
- *A nova normativa sitúa Galicia na banda baixa dos países europeos en canto a esta tributación*
- *Entre as principais características da reforma figura a práctica exención da tributación para as porcións hereditarias inferiores a 125.000 euros, e a eliminación do imposto para a transmisión de vivenda habitual ao cónxuxe cun límite de 600.000 euros*
- *A nova lei establece unha redución do 99 por cento do imposto en sucesión e doazóns de empresas familiares, pemes e explotacións agrarias*
- *Ademais, establece a práctica desaparición do gravame na transmisión de vivenda habitual aos fillos e aos herdeiros novos ata os 25 anos*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de Lei galega de medidas tributarias en relación ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns. O proxecto elaborado pola Consellería de Economía e Facenda iniciará de xeito inmediato a súa tramitación no Parlamento tal e como comprometera o Goberno galego. A reforma da lei diríxese principalmente aos pequenos e medianos patrimonios familiares e permitirá que o 90% das herdanzas galegas queden exentas de tributación. A reforma basease nun tratamento especialmente favorable para dous dos elementos con maior presenza nos patrimonios da maioría das familias galegas, como son a vivenda habitual e as participacións en empresas familiares. Coa nova normativa Galicia se sitúa na banda baixa dos países europeos en canto a esta tributación.

Entre as principais características da reforma figura a práctica exención da tributación para as porcións hereditarias inferiores a 125.000 euros, e a eliminación do imposto para a transmisión de vivenda habitual ao cónxuxe cun límite de 600.000 euros. Ademais, establece unha redución do 99% na transmisión de vivenda habitual aos fillos e sitúa no 99% a redución aos herdeiros novos ata os 25 anos.

Dinamización da economía galega

A reforma facilita e impulsa a dinamización da economía galega o que supón tamén un elemento de incremento da competitividade e de impulso da actividade das empresas xa que incide de xeito moi positivo na transmisión das empresas familiares. Ademais, hai un tratamento específico e pioneiro no relativo ao que se entende por empresa familiar xa que se contempla ata o cuarto grao de parentesco para fixar o perímetro do que entendemos por empresa familiar. Neste sentido, a reforma facilita a



permanencia, a continuidade dun elemento básico da nosa economía como é a empresa familiar, nos procesos de sucesión das empresas.

Empresas familiares, pemes e explotacións agrarias

A reforma aprobada polo Executivo autonómico vai, fundamentalmente, na dirección da eficiencia, de aí que aposte pola práctica supresión do imposto para as empresas familiares, para as pequenas e medianas empresas de Galicia e para as explotacións agrarias, ás que se lles aplicará unha redución do 99 por cento do imposto tanto en sucesións como en doazóns.

Xunto con isto, prodúcese unha redución substancial no número de tramos do imposto, ao tempo que tamén se produce unha redución tarifaria.

O 90 por cento das herdanzas fóra de tributación

Do mesmo xeito, a reforma do imposto de sucesións e doazóns recolle a eliminación da tributación no caso dos herdeiros pertencentes ao grupo familiar directo, sempre e cando a porción hereditaria individual sexa inferior a 125.000 euros por herdeiro. Isto propiciará que 9 de cada 10 herdanzas individuais de Galicia queden fóra de tributación.

A reforma tamén recolle que os fillos menores de 21 anos queden practicamente excluídos da tramitación de impostos e que haxa reducións importantes para os mozos de entre 21 e 25 anos. De feito, para os menores de 21 anos a redución será de entre 1.000.000 e 1.500.000 euros e terán unha bonificación en cota do 99 por cento, mentres que para os mozos de máis idade a redución será de 900.000 euros para os mozos que teñan 21 anos de idade; de 800.000 para os de 22; de 700.000 para os de 23 anos; e de 600.000 no caso dos mozos de 24 anos.

Tributación no caso de vivenda habitual

O proxecto de lei recolle a eliminación da tributación para a transmisión de vivenda habitual, de tal xeito que se elimina no caso de adquisición de vivenda polo cónxuxe (cun límite de 600.000 euros); se reduce ata o 99 por cento, no caso de adquisición de vivenda por fillos (cun límite de 600.000 euros por beneficiario); e se reduce o prazo de mantemento da vivenda de 10 a 5 anos, beneficiando neste caso ás herdanzas anteriores a esta reforma da lei. Neste caso, as porcentaxes de redución quedan como segue:

Valor Real do Inmable	Porcentaxe de redución
Ata 150.000,00 euros	99%
De 150.000,01 a 300.000,00 euros	97%
Máis de 300.000,00 euros	95%



Redución por doazón de diñeiro para a compra de vivenda

O proxecto de lei amplía o límite das doazóns recibidas a 60.000 €. Así mesmo, esta redución será aplicable tamén para doazóns posteriores á compra destinadas ao pago dos préstamos pendentes.

Contido social

A orientación e contido social da reforma tamén se ve reflectida na equiparación da fiscalidade das parellas de feito aos matrimonios; na exención da tributación a persoas con discapacidade superior ao 65% ou na ampliación dos beneficios das doazóns de pais a fillos para a adquisición de vivenda e amortización de préstamos hipotecarios.

Unha novidade importante de contido social é a ampliación do límite das doazóns recibidas para a adquisición de vivenda habitual ás mulleres vítimas de violencia de xénero; así como a asimilación do tratamento fiscal das dependencias severas e as grandes dependencias ás discapacidades superiores ao 65%.

Ademais, promóvese a redución do 95% do valor das fincas rústicas de dedicación forestal incluídas na Rede Galega de Espazos Protexidos.

Redución substancial da tarifa das sucesións

Redúcese a tarifa pasando o tipo máximo do 34 ao 18 e o tipo mínimo do 7,65 ao 5%. Así mesmo, os tramos simplifícanse, pasando de 16 a 6. Esta medida, xunto coa supresión dos coeficientes de patrimonio preexistente, reduce o tipo efectivo máximo do 40,8 ao 18%

COMPARATIVA TÁBOAS SUCESIÓNS

(Para a comparación úsanse os tramos máis aproximados e inferiores da táboa actual. As referencias a coeficientes enténdense como os de patrimonio preexistente)

Base liquidable proxecto (en €)	Tipo Proxecto	Base liquidable actual (en €)	Tipo actual
Máis de 0	5%	Máis de 0	7,65%
Máis de 50.000	7%	Máis de 47.930,72	12,75%
Máis de 125.000	9%	Máis de 119.757,67	18,70%
Máis de 300.000	11%	Máis de 239.389,13	25,50%
Máis de 800.000	15%	Máis de 797.555,08	34,00%
Máis de 1.600.000	18%	Máis de 1.600.000	34,00%
Tipo efectivo máximo sen coeficientes	18%	Tipo efectivo máximo con coeficientes	40,80%



Redución substancial das tarifas para doazóns

En doazóns redúcese a tarifa, pasando o máximo do 34 ao 9% e o tipo mínimo do 7,65 ao 5%. Os tramos tamén se simplifícan, pasando de 16 a 3. Esta medida, xunto coa supresión dos coeficientes de patrimonio preexistente, reduce o tipo efectivo máximo do 40,8 ao 9%.

COMPARATIVA TÁBOAS DOAZÓN

**(Para a comparación úsanse os tramos máis aproximados e inferiores da táboa actual
As referencias a coeficientes enténdense como os de patrimonio preexistente)**

Base liquidable proxecto (en €)	Tipo Proxecto	Base liquidable actual (en €)	Tipo actual
Máis de 0	5%	Máis de 0	7,65%
Máis de 200.000	7%	Máis de 159.634,83	21,25%
Máis de 600.000	9%	Máis de 398.777,54	29,75%
Máis de 797.555,08	9%	Máis de 797.555,08	34,00%
Tipo efectivo máximo sen coeficientes	9%	Tipo efectivo máximo sen coeficientes	40,80%



A XUNTA APROBA A MAIOR OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA HISTORIA DE GALICIA, QUE INCLÚE MÁIS DE 3.000 PRAZAS

- *Esta cifra duplica en número de prazas a publicada no ano 2005, que con 1.600 era a maior ata a data*
- *A oferta recolle unha serie de novidades no ámbito da promoción interna do persoal funcionario que responden ao obxectivo de vincular o progreso profesional coa mellora do servizo público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta pública de emprego (OPE) para o ano 2008, que con 3.283 prazas -2.850 de acceso libre e 433 só con acceso por concurso de méritos- é a maior da historia de Galicia, e duplica en número de prazas a publicada no ano 2005, que era a maior ata a data (con 1.600 prazas).

Do total das prazas da oferta de emprego público presentada pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, 1.936 corresponden a persoal laboral (das cales 1.503 serán por concurso-oposición –sistema de acceso habitual dos laborais- e outras 433 de nova creación serán só por concurso de méritos). Ademais, ofertaranse un total de 1.347 prazas de persoal funcionario, das cales 64 corresponderanse coa Administración especial -e serán de acceso libre-; e as 1.283 prazas restantes serán de persoal funcionario de corpos xerais ofertadas pola quenda de acceso libre (destas, 435 serán de promoción interna e 100 de promoción por consolidación de grao).

No ámbito laboral, e co obxectivo de reducir a temporalidade, a oferta recolle un plan de estabilización con 1.430 prazas que serán ofertadas polo procedemento ordinario no ámbito laboral (concurso-oposición) pero cunha redución da porcentaxe de promoción interna. Tamén recolle a oferta un plan de consolidación polo que se crearon 433 prazas correspondentes a declaracións de laboralidade de dez ou máis anos de duración e que serán ofertadas por concurso de méritos ao que poderá concorrer calquera interesado tivese ou non relación coa Administración. A estas prazas de laborais súmanse 73 que quedaban pendentes da OPE de 2007, chegando así a un total de 1.936 prazas de laborais ofertadas en 2008.

Novidades no ámbito da promoción interna do persoal funcionario

Ademais, a oferta recolle unha serie de novidades no ámbito da promoción interna do persoal funcionario que responden ao obxectivo de vincular o progreso profesional coa mellora do servizo público. Entre elas están a promoción con reclasificación de posto, que permitirá mellorar as ratios de permanencia no servizo, e a consolidación de grao vinculada á acreditación de coñecementos informáticos, que facilitará a extensión da administración electrónica no ámbito autonómico.



A OPE inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes. O decreto aprobado hoxe dispón que se durante o exercicio orzamentario de 2008, como consecuencia de reestruturacións, resolución de procesos de provisión ou da publicación de novas relacións de postos de traballo (RPT), quedasen máis prazas vacantes, poderán incluírse nunha oferta complementaria.

ANEXO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2008

I. ADMINISTRACIÓN XERAL

I.1. PROMOCIÓN INTERNA:

- CORPOS XERAIS:	OEP 2008
- Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A1)	30
- Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia (Grupo A2)	35
- Corpo Administrativo da Xunta de Galicia (Grupo C1)	200
- Corpo Auxiliar da Xunta de Galicia (Grupo C2)	170

I.2. PROMOCIÓN PARA CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL:

- Corpo administrativo da Xunta de Galicia (Grupo C1)	100
TOTAL	535

I.3. ACCESO LIBRE:

CORPOS XERAIS:

- Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A1)	15
- Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A1) (Consol)	45
- Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia (Grupo A2)	26
- Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia (Grupo A2) (Consol)	16
- Corpo Administrativo da Xunta de Galicia (Grupo C1)	154
- Corpo Administrativo da Xunta de Galicia (Grupo C1) (Consol)	60
- Corpo Auxiliar da Xunta de Galicia (Grupo C2)	30
- Corpo Auxiliar da Xunta de Galicia (Grupo C2) (Consol)	200
- Corpo subalterno da Xunta de Galicia (Agrupación Profesional)	105
- Corpo subalterno da Xunta de Galicia (Agrupación Profesional)(Consol)	31
TOTAL	682



ESCALAS:	OEP 2008
Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A1):	
- Escala de Letrados/as (grupo A1)	1
Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (Grupo A2)	OEP 2008
- Escala Técnica de Inspección Turística (Consol)	8
- Escala Técnica de Inspección de Consumo	6
- Escala de Xestión de Sistemas Información (Consol)	12
Corpo administrativo da Xunta de Galicia (Grupo C1):	OEP 2008
- Escala Técnica auxiliar de Informática (Consol)	39
TOTAL	66
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL	1283

4II. ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

II.1. ACCESO LIBRE:

Corpo facultativo Superior da Xunta de Galicia (Grupo A1):	OEP 2008
- Escala de Veterinarios	48
- Escala de Arquitectos/as (Consol)	14
Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo A2):	OEP 2008
- Escala de Arquitectos/as Técnicos/as (Consol)	2
TOTAL	64
TOTAL ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	64
TOTAL DE PERSOAL FUNCIONARIO	1347

III. PERSOAL LABORAL:

III.1. PLAN DE ESTABILIZACIÓN

	OEP 2008
GRUPO I	102
GRUPO II	81
GRUPO III	187
GRUPO IV	420
GRUPO V	640

TOTAL 1430



III.2. PLAN DE CONSOLIDACIÓN

	OEP 2008
GRUPO I	161
GRUPO II	43
GRUPO III	50
GRUPO IV	169
GRUPO V	10

TOTAL 433

III.3. CONVOCATORIAS PENDENTES DA OEP 2007

	OEP 2008
GRUPO I.	14
- Titulado/a Superior Ambiental (37)	
- Titulado/a Superior Especialista (19)	1
GRUPO II	
- Técnico/a Ambiental (41)	3
GRUPO IV	
- Legoeiro/a (31)	55
TOTAL	73

TOTAL DE PERSOAL LABORAL: 1936

TOTAL XERAL: 3283



APROBADO O DECRETO QUE REGULA AS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL

- *Configúranse como entidades ás que se lles encomenda a ordenación e xestión dos terreos forestais, coas cales se pretende obter un mellor aproveitamento integral do monte*
- *As Unidades de Xestión Forestal manterán un Instrumento de Xestión Forestal Específico, que lles permitirá a todas as persoas propietarias beneficiarse das economías de escala e dunha xestión profesionalizada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería do Medio Rural, o decreto que regula as Unidades de Xestión Forestal (Uxfor), que poderán ser iniciadas polas persoas propietarias que queiran pór en valor os seus predios con criterios modernos de silvicultura e de sustentabilidade, permitindo ao mesmo tempo a profesionalización das actividades que decidan desenvolverse na súa superficie.

Así mesmo, as Unidades de Xestión Forestal, ao seren un instrumento previsto na Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, poderán ser creadas de oficio pola Administración, sempre que tal previsión apareza no Planeamento de defensa contra incendios forestais de distrito.

A constitución dunha Unidade de Xestión Forestal por iniciativa das persoas propietarias interesadas farase sempre logo da proposta asinada por elas, para constituír posteriormente unha comisión de propietarios. Partirase na solicitude de constitución dun proxecto de estatutos para a devandita entidade e dun proxecto de Instrumento de Xestión Forestal Específico. Este instrumento tratará sobre a xestión conxunta da superficie forestal, que sexa consensuada polas persoas propietarias e que reflicta as súas expectativas de uso, sempre que tecnicamente se poida xustificar.

Respecto do Instrumento de Xestión Forestal Específico con que se xestionará a superficie forestal, lonxe de ser unha instrución detallada para a súa elaboración, trátase de que poida ser elaborado cuns parámetros técnicos áxiles e acordes cos obxectivos da Unidade de Xestión Forestal, respectando tamén a vontade das persoas integrantes sobre os usos e as capacidades propias do lugar en que se asenta.

Entre os obxectivos específicos das Unidades de Xestión Forestal figuran promover a xestión sustentable do espazo forestal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, valorizar o uso forestal e facer viables os aproveitamentos forestais mediante a reorganización das propiedades dos membros da Unidade de Xestión Forestal incluídas no seu perímetro, promover instrumentos prácticos que eviten o abandono



das pequenas propiedades forestais, promover ferramentas que potencien a posibilidade de xestión de pequenas parcelas e que inclúan un planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, cohesionar territorialmente todo tipo de propiedades forestais integrándoas nunha mesma xestión e facilitar a aplicación territorial das medidas máis axeitadas para previr os incendios e loitar contra os lumes.

A delimitación do perímetro das Unidades de Xestión Forestal respectará preferentemente as seguintes divisións territoriais: redes de faixas de xestión de biomasa; ríos, lagoas e encoros; cumios ou vales; a organización administrativa territorial, outras Unidades de Xestión Forestal lindantes ou outras propiedades ou organizacións de titulares forestais que xestionen a súa superficie con criterios análogos de xestión técnica; terreos definidos nos plans de ordenación municipal ou nos plans de ordenación de recursos naturais con uso distinto ao forestal e límites parroquiais ou os correspondentes nos procesos de concentración parcelaria.

As unidades de xestión forestal inscribíranse no Rexistro de Unidades de Xestión Forestal de Galicia que se regula no decreto.

En definitiva, coa articulación das Unidades de Xestión Forestal ponse en valor o monte galego, tanto no seu aspecto ambiental como dende as perspectivas social e económica, dando cumprimento e desenvolvendo a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO QUE REGULA O PASAPORTE E CARTILLA SANITARIA PARA CANS, GATOS E FURÓNS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o pasaporte e cartilla sanitaria para os desprazamentos intracomunitarios de cans, gatos e furóns, de acordo co regulamento europeo sobre normas zoosanitarias aplicadas a desprazamentos de animais de compañía sen ánimo comercial.

O decreto, aprobado por proposta da Consellería do Medio Rural, e que regula o pasaporte e cartilla sanitaria para cans, gatos e furóns, establece as características de expedición do soporte documental que acredita a situación sanitaria destes animais. O pasaporte para cans será expedido nos tres primeiros meses de vida do animal ou no prazo dun mes dende a súa adquisición; o pasaporte para gatos e furóns será expedido a petición das persoas propietarias dos animais e, en calquera caso, con anterioridade a se desprazaren a outro Estado membro da Unión Europea.

A expedición destes pasaportes corresponderá ás persoas veterinarias facultativas colexiadas ou con habilitación colexial en Galicia, que teñan o nomeamento como persoas veterinarias actuantes no Rexistro galego de identificación de animais de compañía e animais potencialmente perigosos.

A Consellería do Medio Rural, competente en materia de sanidade animal, será responsable do control, da edición e distribución dos pasaportes para cans, gatos e furóns, que se instrumentalizarán a través da organización colexial veterinaria galega, no cal se garantirá o control da edición dos pasaportes e a oportuna información sobre a súa distribución.

A CPTOPT TRANSFIRE AO CONCELLO DE CATOIRA VARIOS TREITOS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

- *Transfírese ao Concello de Catoira o treito da antiga estrada C-550 que discorre polo núcleo de Catoira, así como as estradas PO-191 e PO-192*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade en favor do Concello de Catoira de varios treitos de estradas autonómicas. A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou pertencen a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado e non dan continuidade aos itinerarios de interese autonómico, que contan con alternativas viarias claras para o tráfico interurbano. No caso de Catoira estas transferencias suman un total de 2.560 metros.

En concreto, transfírese ao Concello de Catoira o treito da antiga estrada C-550 que discorre polo núcleo de Catoira e que ten un carácter eminentemente urbano. Este treito ten unha lonxitude de 430 metros e perdeu parte do seu uso co novo trazado en variante da actual PO-548 Pontecesures-Vilagarcía.

Tamén se transfiren as estradas PO-191 (de 1.690 metros) e PO-192 (de 440 metros), que son vías que comunican a estrada PO-548 cos núcleos de Abalo e Bamio, respectivamente. Estas estradas tampouco dan continuidade ao itinerario principal da PO-548, polo que se pode proceder á súa transferencia.

As transferencias de todos estes treitos foron solicitadas polo propio Concello e contan cos informes favorables da Dirección Xeral de Obras Públicas. As entregas formais realizaranse mediante a sinatura das correspondentes actas, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe. A partir dese momento, o Concello de Catoira asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA FINANCIADA CON 208.000 EUROS OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral e a Universidade de Santiago para darlles continuidade aos proxectos que ten en marcha o centro de investigación lingüística*
- *Grazas ao acordo, realizaranse novos volumes do Atlas Lingüístico Galego e prepararanse os traballos do proxecto Arquivo do Galego Oral*
- *Abordarase tamén a actualización do Tesouro Informatizado da Lingua Galega, ao que se incorporarán preto de medio millón máis de palabras*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago desenvolverán ao longo deste ano un programa de actuacións en materia de investigación lingüística. Mediante o acordo que hoxe aprobou o Consello da Xunta, Política Lingüística financiará con 208.000 euros diferentes proxectos científicos da universidade, que van ser desenvolvidos polo Instituto da Lingua Galega.

A elaboración de novos volumes do *Atlas Lingüístico Galego*, os correspondentes a *Agricultura, Terra e Plantas* e *O Ser Humano*, así como a actualización da base de datos lexicográfica e o mantemento do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* son parte do labor que se vai realizar nestes meses, nos que está previsto que se incorporen á base de datos preto de medio millón máis de palabras.

Xunto a estes proxectos, o convenio contempla tamén a preparación, transcripción e edición dos documentos galegos da colección diplomática do mosteiro de Santa María de Oia, a elaboración do corpus de textos romances da Galicia medieval e a explotación e mantemento do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, ao que se incorporarán este ano 15 millóns de caracteres á súa base textual.

Ademais, comezaranse a preparar os traballos do proxecto Arquivo do Galego Oral, que consistirán na clasificación temática dos textos, no incremento das bases textuais e na posta en marcha na web do Instituto da Lingua Galega da primeira escolma temática de textos *Guerra Civil e Posguerra*.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PARTICIPACIÓN DO GOBERNO GALEGO NA CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO

- *A directora xeral de Protección Civil, Esther González Saavedra, será a representante da Administración autonómica neste ente*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a participación do Goberno galego na constitución do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. Ademais, désígnase a directora xeral de Protección Civil, Esther González Saavedra, como representante da Administración no citado consorcio, pasando a formar parte da comisión xestora encargada da tramitación do correspondente expediente e da elaboración dos estatutos.

A Lei de emerxencias –aprobada o pasado ano- establece a necesidade de crear consorcios provinciais de servizos de loita contra os lumes e salvamento para xestionar as emerxencias en Galicia. Con esta iniciativa, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza busca unha organización axeitada que permita unha resposta eficaz ante calquera circunstancia que poida supoñer un perigo para a vida e os bens das persoas, así como a optimización e a racionalización dos medios e dos recursos dispoñibles.

Ademais, optouse pola figura dun consorcio único para toda a provincia atendendo á peculiares características do servizo neste territorio e atendendo a criterios de racionalidade, economía e optimización de recursos. A adopción desta fórmula está consensuada coa Deputación Provincial de Lugo e permitirá unha xestión e planificación centralizada para poder ofertar unha maior e máis rápida cobertura das emerxencias. Ademais, deste acordo están excluídos os concellos con parques de bombeiros municipais propios, que xa dispoñen de medios para a prestación do servizo.



O PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DE 17 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR AS DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO

- *A Consellería do Medio Rural desenvolve outra nova fase do programa de infraestruturas no ano 2008 de acordo con proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos, na cal asinará convenios con concellos para a execución de determinados proxectos no medio rural*
- *En total, nesta etapa investiranse 17.042.652 euros en 147 concellos de Galicia, segundo acordou o Consello da Xunta*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á realización, por parte da Consellería do Medio Rural, dun conxunto de actuacións destinadas á mellora das dotacións do sector produtivo en varios concellos de Galicia, por importe de máis de 17 millóns de euros.

Estas actuacións enmárcanse na execución dunha nova fase dos programas de infraestruturas no medio rural, que prevén a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da Consellería.

As actuacións aprobadas hoxe polo Consello da Xunta serán financiadas con cargo ao Feader (2007-2013) e con fondos propios da Administración autonómica, constituíndo un investimento total de 17.042.652 euros, do que se beneficiarán 147 concellos galegos.

A programación naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



A EMPRESA PÚBLICA SEAGA ENCARGARASE DA XESTIÓN DO SERVIZO DE BRIGADAS, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS PARA A TEMPADA DE MÁXIMO RISCO

- *O Consello da Xunta autorizou este acordo, por importe de 20.906.235 euros, para financiar o servizo durante o presente ano*

O Consello da Xunta autorizou á Consellería do Medio Rural a encomendarlle á empresa pública Seaga o servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais para o ano 2008, por importe de 20.906.235 euros. O acordo adóptase coa finalidade de instrumentar o cumprimento das funcións da Subdirección de Defensa contra Incendios Forestais, tendo en conta a limitación de medios persoais e técnicos na Administración e, en concreto, na Consellería do Medio Rural, que impide o desenvolvemento con medios propios dos traballos de prevención, detección e extinción de incendios durante a época de máximo risco.

O obxectivo desta encomenda é poñer en funcionamento un dispositivo que realice traballos ligados á prevención, vixilancia disuasoria e extinción de incendios forestais composto por 67 brigadas de vixilancia móbil, 317 brigadas de reforzo de verán e 10 brigadas especiais helitransportadas, así como outras categorías de persoal técnico de reforzo.

As brigadas localizaranse en todo o territorio de Galicia e, por necesidades da Subdirección Xeral de Defensa contra os Incendios Forestais, poderán desprazarse a calquera punto do país para realizaren labores de prevención e defensa contra incendios forestais.

O período de funcionamento das brigadas será de 3 meses para as de vixilancia móbil e de reforzo terrestres. A entrada no dispositivo producirase progresivamente entre o 1 e o 30 de xuño; e a saída entre o 1 e o 30 de setembro, de xeito que o servizo se prolonga durante 4 meses.

O período de funcionamento para as brigadas especiais e helitransportadas será de 3 a 4 meses, coincidindo coa época de maior risco de incendio. Na época de alto perigo de incendio permanecerán activas as bases de Lomba, Toén, Silleda, Queimadelos, Xurés, San Xoán de Río, Castromaior, Queixeiro, Portomarín e Becerreá. A brigada especial de Silleda estará constituída dende o 1 de xuño ata o 31 de decembro, debido á súa posición estratéxica para o conxunto do país.

O persoal de apoio ofrecerá o seu servizo durante 4 meses, tanto o persoal técnico como administrativo, operador codificador e emisoristas. O persoal técnico dedicado



á coordinación de medios aéreos traballará por un período de 4 meses, agás 2 técnicos que permanecerán na base de Lavacolla durante 6 meses.

Debido ás necesidades de formación complementaria e especializada, previamente á súa plena disposición, realizarase un curso teórico-práctico destinado a técnicos, xefes de brigada, peóns condutores e peóns.



CULTURA ACHEGARÁ 30.000 EUROS Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA O ESTUDO DOS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS DO XACIGO DE CASTROVITE, NA ESTRADA

- *O Departamento de Historia 1 da USC desenvolve este proxecto sobre os materiais da vida cotiá atopados nese xacigo castrexo*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste convenio e doutro coa UNED para a organización dos 'Encontros do Patrimonio Histórico e Cultural'*

A Consellería de Cultura e Deporte financiará con 30.000 euros o estudo dos materiais arqueolóxicos do xacigo de Castrovite, situado no concello da Estrada. O estudo será desenvolvido entre 2008 e 2009 pola Universidade de Santiago (USC). O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio que permita estes traballos.

Cultura achegará esta cantidade para permitir o estudo que desenvolverá o Departamento de Historia 1 da Universidade, a través do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste Ibérico. Este grupo realiza un labor de investigación dos materiais arqueolóxicos recuperados durante a escavación de Castrovite (Orazo, A Estrada), da campaña arqueolóxica de 1986.

O obxectivo desta actuación é estudar globalmente os restos de materiais da vida cotiá dos xacigos castrexos (cerámica, carbóns, sementes, industria téxtil). Para iso utilizarase unha infraestrutura de datos que permita interrelacionar os resultados de diferentes investigacións castrexas, e dotalos de coordenadas espaciais que permitan a análise exhaustiva en relación co marco xeográfico.

Convenios coas universidades

A sinatura deste convenio coa Universidade de Santiago enmárcase nunha serie de convenios de Cultura coas universidades galegas, que teñen por obxectivo colaborar de forma conxunta na conservación, protección e difusión do patrimonio cultural. A Consellería asinará este ano convenios coas universidades de Vigo, A Coruña, Santiago e a UNED, para a realización de cursos, seminarios, traballos de investigación arqueolóxica, rotas de patrimonio e labores de catalogación patrimonial.

Entre os convenios que se asinarán en 2008 atópase un convenio co Centro Asociado da UNED na Coruña para a organización dos *Encontros co patrimonio histórico e cultural*, que tamén foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta. Cultura achegará 22.000 euros en dúas anualidades para a realización destes primeiros encontros, que reunirán especialistas de gran relevancia no campo do patrimonio arqueolóxico, histórico, etnográfico e cultural galegos.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE SUPRAMUNICIPALIDADE DO NOVO HOSPITAL DE VIGO

- *As cuestións fundamentais para esta declaración están baseadas en que é un hospital de referencia para toda a área sur, como hospital de referencia rexional de alta especialización*
- *O Servizo Galego de Saúde prevé un aumento estimado de poboación da área para os vindeiros dez anos do 6,5 por cento, e dun 30 por cento dos procesos cirúrxicos*
- *A declaración de supramunicipalidade supón acurtar os prazos para dotar o antes posible á poboación viguesa dun novo centro de referencia, e é un paso máis nos cumprimentos de obxectivos do Goberno galego con esta área*
- *Estímase que a finais de ano se poderán iniciar as expropiacións para comezar a construír este hospital a principios de 2009*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de supramunicipalidade do Novo Hospital de Vigo. A causa principal para a súa cualificación de carácter supramunicipal é que o novo centro hospitalario de Vigo deberá absorber o aumento previsible de toda a área de saúde de Vigo, e, ao mesmo tempo, concentrar todos os servizos e unidades de referencia para atender á poboación da rexión sur de Galicia. Este novo centro está tipificado como un hospital de referencia rexional de alta especialización, e parte dun sistema multihospitalario do que será cabeza rectora.

A isto engádese tamén que o Servizo Galego de Saúde prevé un aumento estimado de poboación da área para os vindeiros dez anos do 6,5 por cento, e dun 30 por cento dos procesos cirúrxicos; e, igualmente, que este novo centro hospitalario vigués asumirá un notable incremento nos actuais procesos de hospitalización. Neste senso, a Sanidade pública galega ten a intención de executar as obras de construción do novo hospital na cidade de Vigo, e que responde a un estudo integral das necesidades asistenciais, dos recursos existentes, e das melloras que é preciso introducir a fin de mellorar a cobertura asistencial da poboación de referencia.

Os proxectos sectoriais de incidencia municipal teñen por obxecto regular a implantación de determinadas actuacións de indubidable incidencia territorial en materia de infraestruturas, dotacións, e outras instalacións, tanto da iniciativa pública como privada, que se asentán sobre varios termos municipais ou daquelas nas que transcende o estrito ámbito local pola súa magnitude, importancia ou especiais características, como sucede neste caso.

O Novo Hospital de Vigo reponde a estas características posto que é unha alternativa á situación sanitaria da zona sur da provincia de Pontevedra que require unha perspectiva de planificación integral dos recursos hospitalarios da zona e dos concellos aos que, en último termo, vai beneficiar.



A declaración de supramunicipalidade permite acurtar considerablemente os prazos para poder dotar o antes posible á poboación viguesa deste novo Hospital. É un proceso de ordenación territorial imprescindible para poder construír unha estrutura destas características, e responde ao compromiso do Goberno Galego. Paralelamente a esta xestión, estase a elaborar xa o proxecto arquitectónico para comezar a construción no momento no que se dispoña do espazo.

Un paso máis dado ata chegar ao inicio da construción

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a de Sanidade, e o Concello de Vigo asinaron en marzo de 2006 un convenio marco de cooperación entre administración, Servizo Galego de Saúde e Concello de Vigo para a construción do novo hospital da cidade olívica e a dotación das súas infraestruturas. Este convenio permite o adianto do proceso de construción desta nova infraestructura declarando a incidencia supramunicipal e urxente ocupación dunha superficie de aproximadamente 250.000 metros cadrados nas parroquias de Valladares e Beade de Vigo.

Trala aprobación por parte do Consello da Xunta deste Proxecto de Supramunicipalidade, abrírase un período de exposición pública. Trala contestación das posibles alegacións que se plantexen, solicitarase de novo un informe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes sobre a adecuación á norma de supramunicipalidade. Con ese informe e co estudo de avaliación medioambiental terá que ir de novo a Consello da Xunta, e, se é aprobado, iniciaranse xa as expropiacións. Calcúlase que se poidan iniciar de aquí a finais de ano, o que dea paso á construción a principios de 2009. Deste xeito, o Servizo Galego de Saúde está a cumprir o cronograma preestablecido para a construción do novo hospital de Vigo.

Un grande hospital para Vigo

O novo hospital de Vigo, situado nunha parcela de 250.000 metros cadrados nas parroquias viguesas de Beade e Valladares, sumará 170.000 metros cadrados construídos e contará con máis de 1.400 camas distribuídas en tres áreas: médico-cirúrxica, materno-infantil e ambulatoria, así como catro bloques: cirúrxico, de hemodiálise, de urxencias xerais e de urxencias materno-infantís.

Será un hospital orientado cara os usuarios, accesible, amigable e confortable para usuarios e profesionais, orientado cara a calidade total e a excelencia en todos os seus servizos; viable funcional e tecnicamente; de alta especialización, con especialidades de referencia, e dotación de unidades especiais.

O proxecto está baseado na flexibilidade adaptada á lóxica do asentamento, e facilita unha forte capacidade de ampliación, especialmente nas áreas ambulatoria, de



hospitalización e na zona de intervención. A totalidade das habitacións están orientadas á paisaxe que se atopa fronte ao hospital. Prevé accesos diferenciados para visitantes e persoal e para urxencias e material loxístico.

O novo hospital de Vigo será unha referencia en especialidades de alta complexidade para a poboación da área sur de Galicia; con desenvolvemento da función docente dos especialistas sanitarios, programas MIR, doutorado e formación continuada; capaz de atraer iniciativas de investigación e desenvolver produtos, técnicas e tecnoloxías sanitarias; xerador de capital produtivo e valor engadido da súa área.



PESCA PRORROGARÁ O CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE GARDACOSTAS A TRAVÉS DE MEDIOS MARÍTIMOS

- *O importe da ampliación do contrato é de 10,6 millóns de euros, que serán distribuídos nas anualidades 2008, 2009 e 2010*

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe autorizar a sinatura dunha addenda para prorrogar, por dous anos máis, o contrato de xestión do Servizo de Gardacostas, prestado a través de medios marítimos, asinado no ano 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a empresa Remolcadores Nosa Terra (Remolcanosa). O importe total da ampliación do contrato é de 10.675.817 euros, que serán distribuídos nas anualidades 2008, 2009 e 2010.

O obxecto da renovación deste contrato responde á proximidade do remate da súa vixencia, así como pola necesidade de continuar coa xestión dos medios marítimos do Servizo de Gardacostas. A través deste documento a compañía Remolcanosa dota os buques *Irmáns García Nodal*, *Sebastián de Ocampo* e *IP700 Paio Gómez Chariño* da Consellería de Pesca dunha tripulación que está dispoñible as 24 horas do día e durante os 365 días do ano. Así mesmo, dota dunha tripulación que traballa en réxime de 40 horas semanais á embarcación *Valentín Paz de Andrade*.

Segundo recolle o documento, os membros da tripulación realizan actuacións preventivas, é dicir, todas aquelas accións dirixidas a adoptar medidas de preservación do medio mariño, e dos seus recursos, evitando as agresións a este, tales como control e prevención da contaminación mariña. Ademais, levan a cabo labores paliativos para auxiliar e protexer as persoas, os bens e o medio mariño, concretamente no que atinxe ao salvamento de persoas, buques e artefactos flotantes, evacuación no mar e loita contra a contaminación mariña. Así mesmo, desenvolven traballos de apoio a calquera actividade relacionada coas responsabilidades da Consellería de Pesca como órgano competente para a prestación do Servizo de Gardacostas.



MEDIO AMBIENTE ASINARÁ UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A ELABORACIÓN DE DIRECTRICES TÉCNICAS PARA OBRAS DE SANEAMENTO EN PEQUENOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DO RURAL

- *Entre os obxectivos do acordo figuran o apoio e revisión de proxectos de depuradoras para menos de 1.000 habitantes, o seguimento das estacións de pequenas aglomeracións ou o establecemento de protocolos de explotación de Edares*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asinará un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a elaboración de directrices técnicas das obras de saneamento en pequenas aglomeracións no medio rural. O acordo foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta e suporá unha achega económica de 155.952 euros por parte de Medio Ambiente durante este ano e o vindeiro.

O convenio persegue, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Apoio e revisión de proxectos de depuradoras para menos de 1.000 habitantes.
- Elaboración dun prego de contidos e estrutura de proxectos de pequenas estacións de tratamento de augas residuais.
- Seguimento de edares de pequenas aglomeracións.
- Establecemento de protocolos de explotación de depuradoras.
- Medida de ruído no contorno de edares de pequenos núcleos.

No que respecta ao seguimento das depuradoras, o acordo contempla a selección de cinco plantas de pequenas poboacións; ben das deseñadas segundo as directrices de saneamento elaboradas, ben das que se consideren de interese para a súa aplicación en aglomeracións menores de 1.000 habitantes.

Polo súa banda, para o establecemento de protocolos de explotación das edares e a medida de ruído no seu contorno escolleranse trinta plantas en cada un dos dous casos, coa finalidade de facer un control dos custes de explotación e mantemento –o primeiro caso- e a valoración do ruído dos distintos elementos a diferentes distancias –no segundo-.

Os traballos serán coordinados por profesores da Escola Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, que será quen seleccione os especialistas máis axeitados para a realización destes traballos. Así mesmo, constituirase unha comisión de seguimento para garantir o axeitado desenvolvemento das actuacións previstas no convenio aprobado hoxe.

METEOGALICIA MELLORARÁ OS MODELOS DE PREDICIÓN METEREOLÓXICA E OCEANOGRÁFICOS MEDIANTE O USO DE MEDIOS DA FUNDACIÓN DO CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou o convenio entre a Fundación e a Consellería de Medio Ambiente que permitirá optimizar a resolución espacial dos modelos de predición*

O Goberno galego aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, un convenio de colaboración entre este departamento autonómico e a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Cesga) para soporte de cálculo intensivo para a predición metereolóxica e oceanográfica.

Este acordo enmárcase dentro da mellora de infraestruturas de observación que MeteoGalicia acometerá ao longo deste ano, que ten por obxecto optimizar os modelos de predición tales como a instalación de novas estacións ou a o desenvolvemento de novos proxectos de investigación.

A Consellería de Medio Ambiente achegará 186.606,13 euros, entre este ano e o vindeiro, e a Fundación Cesga proporcionará os recursos computacionais necesarios para garantir a execución dos modelos operativos de predición ambiental. Concretamente, o uso destes recursos permitirá a MeteoGalicia obter unha maior resolución espacial.

Así, prevese a execución dun modelo que permita acadar os 4 quilómetros de resolución sobre Galicia (fronte aos 6 actuais), cun horizonte de 72 horas. Así mesmo, está programada a realización dun modelo a moi alta resolución, de 1-2 quilómetros, que cubra as Rías Baixas e outro o Arco Ártabro. Na mesma liña, co obxecto de completar a predición a curto prazo e tamén para a de longo prazo disporase de senllos modelos de conxunto a diferentes distancias de resolución e cunha periodicidade diversa.



O GOBERNO GALEGO DESTINA PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS AO FOMENTO DA INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *A Consellería de Traballo establece dous programas: o de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e o de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde pola que se regulan as bases dos programas de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria para o presente ano. O Goberno galego destinará un orzamento total de preto de 10 millóns de euros.

Tal e como se recolle no texto da orde, as dificultades de acceso ao mercado laboral das persoas con discapacidade esixen un compromiso do conxunto da sociedade e unha actuación conxunta das administracións públicas, dos interlocutores sociais e das entidades do movemento asociativo da discapacidade. A finalidade última é conseguir a integración sociolaboral das persoas con discapacidade mediante o acceso a un emprego.

O Goberno galego considera prioritario o apoio á integración laboral das persoas con discapacidade, polo que deseñou dous tipos de programas: o de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e o de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.

Terán consideración de persoas con discapacidade as que teñan recoñecida, pola administración competente, unha minusvalidez nun grao igual ou superior ao 33%. Mentres que para os efectos das axudas previstas ao abeiro desta orde, terán consideración de persoas desempregadas aquelas que figuren inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego.

Fomento da contratación indefinida na empresa ordinaria

Esta medida ten por obxectivo incentivar a contratación indefinida de traballadores con discapacidade en situación de desemprego. A finalidade é fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.

As beneficiarias desta liña de axudas son as empresas, independentemente da súa forma xurídica, incluídos os autónomos, as sociedades civís e as comunidades de bens. Non entanto non poderán ser beneficiarias as administracións públicas e as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes destas.



Polo tanto, as empresas que contraten con carácter indefinido traballadores cunha minusvalidez igual ou superior ao 33% poderán beneficiarse das seguintes axudas: unha subvención por valor de 3.907 euros por cada traballador contratado, que aumentará en 600 euros no caso de que o contratado sufra unha discapacidade igual ou superior ao 49%. Ademais, tamén se establece outro incentivo de 600 euros cando a contratación indefinida sexa asinada por unha muller.

Ao abeiro deste programa, tamén se recolle unha axuda, compatible coas anteriores, de ata 902 euros para a adaptación de postos de traballo ou para a dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais ao traballador con discapacidade. Esta subvención pode ser solicitada pola empresa ou polo propio traballador contratado.

Programa de integración laboral en centros especiais de emprego

A finalidade desta liña de axudas é incentivar a creación, ampliación e mantemento do emprego nos centros especiais de emprego, mediante o financiamento de iniciativas ou proxectos viables que xeran emprego estable.

Os beneficiarios desta medida son os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales, que asinen un convenio de colaboración coa empresa que contrata ao traballador, procedente do mesmo centro ou doutro centro especial de emprego.

No referente ás axudas, tal e como se recolle no texto do documento considéranse subvencionables os proxectos de creación e ampliación do cadro de persoal do centros especiais de emprego e o mantemento destes centros.

A determinación da contía das axudas establecerase en función da porcentaxe de traballadores con discapacidade respecto do total do cadro de persoal do centro especial de emprego. Deste xeito, poderase acadar a contía máxima da axuda (un 90%) cando o número de traballadores con discapacidade sexa de entre o 70 e o 90% do total do cadro de persoal.

Outro suposto no que se poderá optar a esta contía máxima é cando o número de traballadores con discapacidade supere o 70% e se complete o cadro de persoal ata o 90% coa contratación de desempregados pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Centros Especiais de Emprego

Os centros especiais de emprego son aqueles cuxo obxectivo principal é realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo como finalidade asegurar un emprego remunerado aos traballadores con



discapacidade. Ao tempo, teñen a misión de prestar os servizos de axuste persoal que estes requiran. Trátase dun medio de integración do maior número de traballadores e traballadoras con discapacidade ao réxime de traballo normal.

En definitiva, os centros especiais de emprego son fórmulas de emprego protexido que constitúen unha primeira aproximación ao mercado laboral para moitas persoas con discapacidade. Nalgúns casos, como os das persoas que sofren unha discapacidade máis severa, son a súa principal posibilidade de incorporación a el.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 6,4 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DE 126.000 M² DE SOLO RESIDENCIAL EN VALDECORVOS, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- *Este departamento remitiu hoxe ao DOUE o anuncio da convocatoria do concurso público, polo que as empresas interesadas xa poden presentar as súas propostas ata o vindeiro día 25 de xuño*
- *O Proxecto de Urbanización, sobre o cal se acometerán as obras, xa foi entregado ao Concello de Pontevedra para a súa tramitación e aprobación definitiva*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 6.417.190 euros destinados ás obras de urbanización de 126.000 metros cadrados de solo residencial en Valdecorvos, no Concello de Pontevedra.

A Consellería remitiu hoxe ao *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) o anuncio da convocatoria do concurso público, polo que as empresas interesadas xa poden presentar as súas propostas ata o vindeiro día 25 de xuño nas oficinas de Xestur Pontevedra, sociedade pública adscrita á Consellería de Vivenda e Solo. Unha vez adxudicadas as obras de urbanización, a empresa contratada disporá dun prazo máximo de 12 meses para a súa execución.

O orzamento total distribúese en dúas anualidades: 5.500.448 euros serán con cargo as orzamentos de 2009, mentres que os 916.741 euros restantes executaranse con cargo ao exercicio de 2010.

500 vivendas protexidas

Sobre os 126.000 m² de solo residencial de Valdecorvos prevese a construción de aproximadamente 500 vivendas protexidas, tanto vivenda de promoción pública (VPP) promovida directamente pola Consellería de Vivenda e Solo e destinada a rendas cuns ingresos ponderados de ata 2,5 veces IPREM, é dicir, 16.768 €/ano, como vivenda de protección autonómica (VPA), promovida polo sector privado e destinada a rendas de ata 6,5 veces o IPREM, é dicir, 39.455 €/ano.

Proxecto de urbanización

A Consellería de Vivenda e Solo investiu 120.000 euros na elaboración do proxecto de urbanización, base sobre a que se acometerán as obras, que xa está concluído e entregado ao Concello de Pontevedra para a súa tramitación e aprobación definitiva.

O departamento autonómico está tramitando en paralelo o proxecto de expropiación para a adquisición dos terreos co obxectivo de axilizar os prazos. Nese sentido, a previsión da Consellería é ter adquirido o 100% do solo no segundo semestre do ano



e poder comezar as obras de urbanización e a comercialización das parcelas para a construción de vivenda protexida.



A XUNTA LICITA POR 26,9 MILLÓNS DE EUROS A EXECUCIÓN DAS OBRAS DAS INFRAESTRUTURAS XERAIS DA PLATAFORMA LOXÍSTICA SALVATERRA-AS NEVES (PLISAN)

- *O Goberno galego remitiu hoxe ao DOUE o anuncio da convocatoria do concurso público, polo que as empresas interesadas xa poden presentar as súas propostas ata o vindeiro día 10 de xullo*
- *As obras serán financiadas polos tres propietarios do ámbito: a Autoridade Portuaria de Vigo achega 16.296.020 €, Zona Franca achega 5.682.625 €, e a Consellería de Vivenda e Solo fornece 4.921.355 €*
- *Este investimento súmase aos 22,8 millóns de € destinados pola Consellería para acometer as obras de urbanización do millón de metros cadrados que posúe na PLISAN, a denominada Área Loxística Empresarial*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, licitar por 26,9 millóns de euros a execución das obras das infraestruturas xerais da Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves (PLISAN). A execución destas obras será financiada entre os tres propietarios do ámbito: a Autoridade Portuaria de Vigo, que achega 16.296.020 euros; o Consorcio da Zona Franca de Vigo, que inviste 5.682.625 euros, e a Consellería de Vivenda e Solo, que achega 4.921.355 euros.

A Consellería, como Administración encargada da contratación e execución das obras, remitiu hoxe ao *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) o anuncio da convocatoria do concurso público, polo que as empresas interesadas xa poden presentar as súas propostas ata o vindeiro día 10 de xullo nas oficinas de Xestur Pontevedra, sociedade pública adscrita á Consellería de Vivenda e Solo. Unha vez adxudicadas as obras, a empresa contratada disporá dun prazo máximo de 12 meses para a súa execución.

O orzamento de licitación inclúe unha revisión do proxecto técnico sobre o que se acometerán as obras, xa que data de 2003 e faise necesaria a incorporación dalgunhas melloras non contempladas, así como unha revisión dos prezos recollidos no proxecto antigo.

As obras consistirán na execución dos sistemas xerais viarios que conectarán as diferentes áreas en que se estrutura a PLISAN, así como a dotación das infraestruturas de servizos xerais comúns a todo o ámbito que inclúen as redes de abastecemento de auga potable, rede de saneamento e a canalización da subministración eléctrica.



En canto á instalación de infraestruturas para o abastecemento de auga, o proxecto contempla a construción dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP) propia, que permitirá dispor dunha capacidade de caudal de 200 litros por segundo.

Urbanización da Área Loxística Empresarial

Este investimento de 26,9 millóns de euros para a dotación das infraestruturas básicas de todo o ámbito súmase aos 22,7 millóns de euros destinados polo Goberno galego para acometer as obras de urbanización do millón de metros cadrados que posúe na PLISAN, a denominada Área Loxística Empresarial.

O Consello da Xunta autorizou o pasado xoves 24 de abril este investimento por parte da Consellería nas obras de urbanización. Unha vez superado ese trámite administrativo, o departamento autonómico xa remitiu ao DOUE o anuncio da convocatoria de concurso público, polo que as empresas interesadas poden presentar as súas propostas ata o vindeiro día 17 de xuño en Xestur Pontevedra, sociedade pública adscrita á Consellería de Vivenda e Solo.

Tras a adxudicación das obras de urbanización, a empresa contratada disporá dun prazo máximo de 12 meses para a súa execución.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 1 DE MAIO, DÍA INTERNACIONAL DO TRABALLO

Neste Día Internacional do Traballo, festa por excelencia do movemento obreiro mundial, o Goberno galego quere manifestar o seu apoio aos dereitos dos traballadores e traballadoras galegos e aproveitar para valorizar a súa contribución ao desenvolvemento económico e social e ao benestar do noso país.

Precisamente por iso, a Xunta de Galicia ten convertido en pilar fundamental da súa xestión de goberno o diálogo social e a concertación que del deriva, como mostra indubitada da permeabilidade e da participación que a sociedade galega merece ter no desenvolvemento das políticas sociais, económicas e laborais.

É no mundo do traballo onde o equilibrio entre eses tres eixes resulta esencial. Por iso, apostamos por un sistema de relacións laborais cunha forte dimensión social; con espazos de interlocución estables e permanentes no tempo; polo reforzamento da negociación colectiva; pola igualdade efectiva entre homes e mulleres; e sempre co obxectivo último de crear máis emprego, e que sexa emprego estable, de calidade, seguro e san.

Esa aposta ten, a día de hoxe, a súa concreción formal e operativa, na existencia do documento *Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia. Acordo polo Emprego*, froito da negociación cos axentes económicos e sociais galegos. Este pacto abrangue todos os ámbitos fundamentais do mercado laboral galego, como o reforzamento da participación institucional e da negociación colectiva; unha aposta contundente a prol da eliminación da desigualdade entre mulleres e homes no traballo; a promoción da responsabilidade social empresarial; unha intermediación entre oferta e demanda no traballo pública e proactiva; e uns obxectivos e medidas de promoción do emprego realistas e ambiciosos a un tempo.

Constatamos que o noso país rexistra uns índices de crecemento económico e de emprego solventes nun contexto estrutural que adoece aínda de eivas fronte ás cales debemos unir esforzos para acadar a minoración das taxas de desemprego e de temporalidade; incrementar a incorporación das mulleres e da mocidade ao mercado de traballo; reforzar o servizo público de emprego; conseguir un modelo de formación axeitado ás necesidades das empresas; e, de xeito incisivo, reducir a sinistralidade laboral.

Un goberno que ten como obxectivos primordiais da acción política o emprego de calidade e a igualdade, reitera hoxe, especialmente, e no día a día, o seu compromiso de seguir traballando pola mellora das condicións laborais e dun contorno



socioeconómico favorable, contando co valor inexorable do diálogo, na procura dun mercado de traballo máis competitivo, produtivo, estable, igual e seguro.